

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE XUSTIZA

**7967** *Real decreto 634/2014, do 25 de xullo, polo que se regula o réxime de substitucións na carreira fiscal.*

#### I

A Lei orgánica 8/2012, do 27 de decembro, de medidas de eficiencia orzamentaria na Administración de xustiza, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (en diante, LOPX), introduciu cambios significativos no réxime de substitucións na carreira xudicial co obxecto de garantir a prestación do servizo público da xustiza elevando os niveis de profesionalización, adoptando unha serie de medidas respecto aos supostos de vacantes, ausencia regulamentaria de titulares ou, se é o caso, medidas de reforzo, que fagan posible que as resolucións sexan ditadas na súa maioría por xuíces profesionais e que a actuación de xuíces substitutos e maxistrados suplentes teña carácter excepcional.

O Ministerio Fiscal, órgano de relevancia constitucional con personalidade xurídica propia, integrado no Poder Xudicial con autonomía funcional, necesita contar, así mesmo, cun réxime de substitucións profesionais entre os membros da carreira fiscal que, de conformidade co previsto no seu propio estatuto orgánico e en sintonía coa reforma operada na LOPX, fixe e ordene os seus criterios máis relevantes e permita unha mellor distribución das cargas de traballo entre os seus membros.

#### II

A disposición adicional cuarta da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se aproba o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, establece que «os membros da carreira fiscal se substituirán entre si, de acordo co disposto neste estatuto, nas normas regulamentarias que o desenvolvan e nas instrucións que, con carácter xeral, dite o fiscal xeral do Estado» e que «o réxime xurídico dos fiscais substitutos será obxecto de desenvolvemento regulamentario en termos análogos ao previsto para maxistrados suplentes e xuíces substitutos na Lei orgánica do poder xudicial, que será de aplicación supletoria».

Na actualidade, o réxime de selección, nomeamento e cesamento dos fiscais substitutos no Tribunal Supremo e dos avogados fiscais substitutos foi obxecto de regulación mediante o Real decreto 326/2002, do 5 de abril, modificado polo Real decreto 92/2006, do 3 de febreiro, e posteriormente polo Real decreto 1/2008, do 11 de xaneiro.

#### III

Este real decreto persegue, por un lado, regular o réxime de substitucións no Ministerio Fiscal dunha maneira máis acorde co mandato legal, desenvolvendo regulamentariamente o réxime xurídico das substitucións entre membros da carreira fiscal en sintonía coa modificación da LOPX en materia de substitucións na carreira xudicial e, por outro lado, completar a normativa existente na actualidade prevista para o nomeamento de avogados fiscais substitutos cun réxime de dereitos, obrigacións e funcións dos avogados fiscais substitutos, para así atender ás recomendacións tanto de institucións xurídicas como do Defensor de Pobo, así como aos desexos manifestados en numerosas ocasións polo colectivo.

Do mesmo modo e co obxecto de satisfacer as reivindicacións das asociacións de avogados fiscais substitutos, reguláronse aspectos esenciais para o exercicio dos labores de reforzo e/ou apoio das fiscalías, establecendo, entre outros aspectos, un réxime de incompatibilidades, deberes, o sistema de responsabilidade disciplinaria e de permisos e

licenzas, todo isto adaptado ás particularidades e á temporalidade durante o exercicio efectivo das citadas funcións.

#### IV

O real decreto estrutúrase en catro títulos.

O título I establece o obxecto e as regras xerais do réxime aplicable ás substitucións.

Como regra xeral, establécese que as substitucións se deben efectuar de forma preferente entre os membros da carreira fiscal, de conformidade coa citada Lei 50/1981, do 30 de decembro, e que, excepcionalmente e unicamente cando non se poidan efectuar as substitucións desta forma, se acuda ao chamamento de avogados fiscais substitutos.

Ao fiscal xeral do Estado corresponderanlle a organización e a xestión das substitucións a través de instrucións en desenvolvemento do réxime previsto no presente real decreto.

O título II regula as substitucións entre membros da carreira fiscal.

Tendo en conta a capacidade de autoorganización das fiscalías, atribúese a responsabilidade da organización do sistema de substitucións aos fiscais xefes provinciais, que se deberán coordinar adecuadamente cos fiscais xefes de área do seu territorio, ben que na fiscalía da comunidade autónoma serán os fiscais superiores os responsables de organizar e coordinar o sistema de substitucións no seu territorio e velar polo seu adecuado funcionamento.

Así mesmo, determínase que as substitucións entre os membros da carreira fiscal terán ámbito provincial e poderán, excepcionalmente e atendendo á distancia existente entre as distintas fiscalías ou seccións territoriais, superar tal ámbito.

O título III regula o réxime xurídico dos avogados fiscais substitutos que realizan funcións de apoio ou reforzo de carácter non permanente no Ministerio Fiscal. A experiencia acumulada aconsella modificar os criterios de selección dando prioridade a aqueles aspirantes que superasen a fase de oposición á carreira xudicial e fiscal e que non obtivesen praza, así como á antigüidade no exercicio de funcións de substitución na carreira fiscal, e establecer un límite máximo das prazas que poden ser ofertadas para cada fiscalía, en lóxica consonancia coa excepcionalidade en materia de substitucións non profesionais, simplificando o sistema de incompatibilidades. Finalmente, nun capítulo separado regúlanse o nomeamento, o cesamento e o réxime de actuación dos fiscais substitutos no Tribunal Supremo.

O título IV regula o réxime de nomeamento e actuación dos fiscais de sala eméritos do Tribunal Supremo, de conformidade co disposto na disposición adicional terceira da Lei 50/1981, do 30 de decembro, do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, e de forma análoga á establecida no artigo 200.4 da LOPX para os membros da carreira xudicial.

#### V

Na parte final hai que destacar a disposición transitoria única, relativa á posibilidade de prorrogar o nomeamento dos avogados fiscais substitutos até que se proceda ao nomeamento dos avogados fiscais substitutos en aplicación dos criterios de selección contidos no presente real decreto, e a disposición derogatoria única, que prevé a derogación do Real decreto 326/2002, do 5 de abril, de réxime de nomeamento de membros substitutos do Ministerio Fiscal.

Na elaboración desta disposición cumpríuse o trámite de audiencia a que se refire o artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e emitiu informe o Consello Fiscal, de conformidade co artigo 14.4.j) da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se aproba o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xullo de 2014,

DISPOÑO:

## TÍTULO I

### Das substitucións na carreira fiscal

#### *Disposicións xerais*

#### Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto regular o réxime xurídico das substitucións entre os membros da carreira fiscal, dos fiscais substitutos no Tribunal Supremo e dos avogados fiscais substitutos que, sen pertenceren á carreira fiscal, realicen funcións de apoio ou reforzo de carácter non permanente nas fiscalías, así como dos fiscais de sala eméritos do Tribunal Supremo.

#### Artigo 2. *Regras xerais de substitución.*

1. Os membros da carreira fiscal substituiranse entre si e só, excepcionalmente, nos casos en que non sexa posible garantir doutro modo a adecuada prestación do servizo se poderá recorrer ao nomeamento de avogados fiscais substitutos.

2. Procederá a substitución nas seguintes situacións:

a) Prazas vacantes en canto non se provexan polo correspondente concurso de provisión de destinos.

b) Ausencias regulamentarias dos titulares do seu posto de traballo.

c) Situacións administrativas con reserva de posto de traballo.

d) Cando o excepcional incremento das funcións fiscais ou a especial complexidade dos asuntos encomendados ou outras circunstancias determinen a necesidade de reforzar ou apoiar unha fiscalía.

#### Artigo 3. *Medidas de control orzamentario.*

1. Os fiscais xefes ou os fiscais superiores, se for o caso, antes de proceder ao chamamento de fiscais de carreira ou de avogados fiscais substitutos, solicitarán a aprobación da Fiscalía Xeral do Estado, que comprobará se concorren os requisitos que establece o artigo 2 do presente real decreto e, en particular, se existe dispoñibilidade orzamentaria suficiente. En ningún caso se poderá autorizar ningunha forma de substitución se non existe dispoñibilidade orzamentaria, todo isto dentro do marco que estableza o protocolo que anualmente subscribirán o Ministerio de Xustiza e a Fiscalía Xeral do Estado, para os efectos de planificar as medidas deste tipo que sexa posible adoptar.

2. Unha vez realizada a substitución ou a medida de apoio ou reforzo, procederase á súa certificación pola Fiscalía Xeral do Estado, quen o comunicará ao Ministerio de Xustiza para o seu aboamento.

## TÍTULO II

### Réxime de substitucións entre os membros da carreira fiscal

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

Artigo 4. *Ámbito, carácter e xestión do sistema.*

1. A substitución terá ámbito provincial e carácter voluntario. Non obstante, atendendo á distancia existente entre as distintas fiscalías ou seccións territoriais, poderase superar na substitución o ámbito provincial. Así mesmo, excepcionalmente e cando as necesidades do servizo o exixan, poderase recorrer á substitución forzosa.

2. Co obxecto de permitir a participación no réxime de substitucións de todos aqueles membros da carreira fiscal que o soliciten, procurarase que cada chamamento para realizar tarefas de substitución, de apoio ou reforzo non exceda os cento oitenta días ao ano e que cada fiscal non asuma simultaneamente máis dunha substitución.

3. A xestión estará centralizada na Fiscalía Xeral do Estado, que velará polo estrito cumprimento da dispoñibilidade orzamentaria. Corresponde aos fiscais xefes velar pola correcta execución das substitucións ou medidas de apoio ou reforzo no seu territorio e resolver as cuestións que se poidan presentar, corrixindo as irregularidades e promovendo, se for o caso, a exixencia das responsabilidades que procedan. Os fiscais superiores velarán polo adecuado funcionamento do sistema no seu ámbito territorial.

#### CAPÍTULO II

##### Listas de substitutos e chamamentos

Artigo 5. *Plan anual de substitucións. Elaboración das listas.*

1. Os fiscais xefes provinciais deberán remitir ao fiscal superior correspondente, antes do 1 de novembro de cada ano, a lista provincial de candidatos para realizar as substitucións, para cuxa elaboración se deberán coordinar adecuadamente cos fiscais xefes de área da súa provincia. Da mesma forma, o fiscal superior elaborará a lista de candidatos da fiscalía da comunidade autónoma.

2. Unha vez recibidas as ditas listas, os fiscais superiores procederán á súa aprobación e posterior remisión á Fiscalía Xeral do Estado para a súa aprobación definitiva, antes do 8 de decembro.

3. As listaxes terán validez dun ano.

4. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, se ao longo do ano resultar necesario, poderanse incorporar novos candidatos ás listas. Para a inclusión nas listas de novos candidatos procederase conforme o procedemento descrito neste artigo.

Artigo 6. *Reglas para o chamamento de candidatos incluídos nas listas de substitución.*

1. Producida unha das situacións previstas no artigo 2, o fiscal xefe ou superior seleccionará o fiscal ou fiscais que deba/n efectuar a substitución de acordo cos criterios e segundo a orde de chamamento que se establezan nas instrucións que dite o fiscal xeral do Estado.

2. Con carácter excepcional, se non existen candidatos voluntarios nunha fiscalía e razóns de proximidade xeográfica ou a adecuada prestación do servizo así o aconsellan, os fiscais xefes poderán proceder ao chamamento de fiscais integrados na lista doutra provincia ou, se for o caso, da fiscalía da comunidade autónoma, para o cal se coordinarán adecuadamente cos fiscais xefes afectados.

Cando o que deba proceder ao chamamento sexa o fiscal superior e non dispoña de candidatos na súa lista, poderá proceder do mesmo modo ao chamamento de candidatos integrados na lista provincial correspondente.

3. Toda substitución que se deba efectuar nunha fiscalía distinta en que o seleccionado exerce as súas funcións requirirá o consentimento do interesado para proceder ao seu chamamento.

4. O fiscal dependerá funcionalmente do fiscal xefe do territorio en que en cada momento actúe.

#### Artigo 7. *Regras para o chamamento forzoso.*

1. Só en casos excepcionais, cando non resulte posible a substitución conforme as regras do artigo anterior e as razóns do servizo así o aconsellen, o fiscal xefe ou o fiscal superior, se for o caso, poderá recorrer ao chamamento de calquera dos fiscais do seu cadro de persoal, conforme os criterios establecidos nas instrucións do fiscal xeral do Estado para este tipo de chamamentos.

Todo chamamento forzoso se efectuará logo da audiencia dos fiscais afectados e velando para que as tarefas de substitución non prexudiquen o normal desempeño das funcións que teñan atribuídas.

2. En ningún caso se poderá proceder ao chamamento forzoso dun fiscal para realizar unha substitución fóra da fiscalía en que exerza as súas funcións.

3. O chamamento forzoso será comunicado polo fiscal xefe ou polo fiscal superior, se é o caso, á Fiscalía Xeral do Estado e a súa duración non poderá exceder os cento oitenta días ao ano.

### TÍTULO III

#### **Avogados fiscais substitutos**

#### CAPÍTULO I

#### **Disposicións xerais**

#### Artigo 8. *Avogados fiscais substitutos.*

Cando por unha das situacións recollidas no artigo 2 se produza a necesidade de reforzar ou apoiar o traballo dunha fiscalía e, excepcionalmente, non se poida acudir ao sistema de substitucións entre os membros da carreira fiscal, poderán ser chamados ao exercicio de funcións de apoio ou reforzo avogados fiscais substitutos.

#### Artigo 9. *Funcións.*

1. Os avogados fiscais substitutos desempeñarán actividades de apoio ou reforzo na fiscalía para a cal foron chamados, realizando as funcións do Ministerio Fiscal que lles sexan asignadas polo fiscal xefe, en virtude das súas potestades organizativas e de dirección.

2. O chamamento dun avogado fiscal substituto nos termos que establece o presente real decreto non suporá a asunción da carga de traballo do fiscal de carreira cuxa situación administrativa ou ausencia regulamentaria dese orixe ao chamamento, senón de todas aquelas tarefas que lle sexan encomendadas.

3. Os avogados fiscais substitutos asistirán ás xuntas con voz pero sen voto, cando sexan convocados polo fiscal xefe.

## CAPÍTULO II

### Selección de avogados fiscais substitutos

#### Artigo 10. *Concurso público.*

1. Cada ano, por proposta motivada do fiscal xeral do Estado, o ministro de Xustiza determinará o número de avogados fiscais substitutos que deberán desempeñar tarefas de reforzo ou apoio en cada fiscalía durante o seguinte ano xudicial e poderá, se for o caso, convocar concurso público para a súa selección mediante anuncio que se publicará no «Boletín Oficial del Estado».

2. Para tomar parte no concurso requirirase:

a) Ser licenciado ou graduado en Dereito e reunir os requisitos exixidos para o ingreso na carreira fiscal, contidos nos artigos 43 e 44 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

b) Non ter a idade de xubilación, de conformidade co disposto no artigo 201.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

c) Emitir declaración formal de non ter ou, se for o caso, de ter desempeñado nos dous últimos anos emprego, cargo ou profesión incompatible, conforme o artigo 20, no territorio da fiscalía en que se pretenda o nomeamento como avogado fiscal substituto, con especificación do emprego, cargo ou profesión incompatible.

d) Non ter sido valorado de forma desfavorable nun informe suficientemente motivado e xustificado que declare a falta de aptitude ou idoneidade no desempeño das funcións encomendadas, nos termos contidos no artigo 14.

e) Non ter sido separado como avogado fiscal substituto polas causas de cesamento que se prevén na letra f) do artigo 27 e nos termos contidos no artigo 14, nin estar inhabilitado para o exercicio de calquera función pública ou do Ministerio Fiscal.

f) Non ter sido separado como maxistrado suplente, xuíz substituto e secretario xudicial substituto por falta de idoneidade ou aptitude.

g) Non ter sido separado mediante procedemento disciplinario da carreira xudicial, da carreira fiscal, dun corpo do Estado, das comunidades autónomas ou das administracións locais, nin suspendido para o exercicio de funcións públicas en vía disciplinaria ou xudicial, salvo que fose debidamente rehabilitado.

h) Non ter renunciado ao chamamento nos termos contidos no artigo 17.

3. As instancias e documentos que se xuntarán á solicitude deberanse referir ao modelo que se publicará coa convocatoria.

#### Artigo 11. *Limitación de nomeamentos.*

En ningún caso, o número de nomeamentos de avogados fiscais substitutos superará o 10 % do cadro de persoal total de fiscais de carreira, excluídas as prazas vacantes no momento da convocatoria. Non obstante, cando concorran excepcionais circunstancias de falta de titulares, o Ministerio de Xustiza poderá, por proposta do fiscal xeral do Estado, suspender temporalmente esta limitación.

#### Artigo 12. *Comisión de valoración.*

Unha comisión de valoración constituída por cinco membros, dous nomeados pola Fiscalía Xeral do Estado e outros dous pola Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza, e presidida de forma alternativa por un membro da Fiscalía Xeral do Estado ou do Ministerio de Xustiza, valorará os méritos alegados polos concursantes.

Esta comisión, ademais, elaborará as listas provisionais de seleccionados e excluídos, resolverá as reclamacións que se poidan presentar contra elas e elevará ao fiscal xeral



do Estado a proposta de lista definitiva de aspirantes seleccionados para a súa aprobación e posterior proposta de nomeamento ao ministro de Xustiza.

A constitución, as actuacións, a abstención e a recusación dos membros da comisión de valoración rexeranse, en canto lles sexa de aplicación, polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 13. *Criterios de selección.*

1. Elaborarase unha lista de avogados fiscais substitutos coa seguinte orde de preferencia:

1.º As persoas que aprobasen os tres exercicios da fase de oposición do proceso selectivo para o acceso á carreira xudicial pola categoría de xuíz e á carreira fiscal pola categoría de avogado fiscal, pola quenda libre, e non obtivesen praza, terán preferencia absoluta para seren nomeados avogados fiscais substitutos.

A prioridade na lista determinarase por rigorosa orde da puntuación obtida na fase de oposición.

2.º As persoas que pertencesen á carreira xudicial ou fiscal por un período non inferior a dez anos tamén terán preferencia con respecto ao resto de candidatos para seren nomeados avogados fiscais substitutos.

3.º A orde de prelación do resto de candidatos será fixada polos méritos de cada aspirante de acordo co baremo que a continuación se detalla:

a) O exercicio efectivo e debidamente acreditado de funcións de substitución valorarase cun máximo de 4,30 puntos:

Na carreira fiscal valorarase con 0,30 puntos por ano. Os períodos acumulados que non completen o ano computaranse a razón de 0,15 por seis meses, sen que en ningún caso se computen períodos inferiores aos seis meses.

O desempeño da función dos antigos fiscais de distrito substitutos, sempre que se levasen a cabo con posterioridade á entrada en vigor da Lei orgánica 5/1981, do 16 de novembro, de integración da carreira xudicial e do secretariado da Administración de xustiza, valorarase con 0,30 puntos por ano. Os períodos acumulados que non completen o ano computaranse a razón de 0,15 por seis meses, sen que en ningún caso se computen períodos inferiores aos seis meses.

Na carreira xudicial valorarase con 0,20 puntos por ano. Os períodos acumulados que non completen o ano computaranse a razón de 0,10 por seis meses, sen que en ningún caso se computen períodos inferiores aos seis meses.

O desempeño da función dos antigos xuíces de distrito substitutos, sempre que se levasen a cabo con posterioridade á entrada en vigor da Lei orgánica 5/1981, do 16 de novembro, de integración da carreira xudicial e do secretariado da Administración de xustiza, valorarase con 0,20 puntos por ano. Os períodos acumulados que non completen o ano computaranse a razón de 0,10 por seis meses, sen que, en ningún caso, se computen períodos inferiores aos seis meses.

No corpo de secretarios xudiciais valorarase con 0,10 puntos por ano. Os períodos acumulados que non completen o ano computaranse a razón de 0,05 por seis meses, sen que en ningún caso se computen períodos inferiores aos seis meses.

b) Participación en oposicións: a superación dos exercicios orais e dos exercicios escritos de desenvolvemento de temas que integran ou integrasen as probas de acceso pola quenda libre ás carreiras xudicial ou fiscal valorarase con 0,50 puntos por cada exercicio superado, até un máximo de 2 puntos, ou ao corpo de secretarios xudiciais, 0,50 puntos por cada exercicio superado, até un máximo de 1 punto.

Para tales efectos, non se considerará como mérito puntuable a superación da fase de concurso que se establece nalgúns procedementos específicos de acceso á carreira xudicial.

c) Méritos académicos: estar en posesión do título de doutor en Dereito valorarase con 0,50 puntos. En ningún caso se valorará a asistencia a xornadas, a obtención de diplomas, a realización de traballos ou estudos ou a superación de cursos que o candidato puidese realizar dentro do programa de doutoramento ou segundo título de doutor en Dereito.

Estar en posesión do título de licenciado ou graduado en Criminoloxía valorarase con 0,20 puntos.

d) Exercicio efectivo e debidamente acreditado doutras profesións xurídicas: o desempeño doutras profesións xurídicas valorarase con 0,10 puntos por cada seis meses acreditados, até un máximo de 1 punto. Para estes efectos, consideraranse como profesións xurídicas as de avogado do Estado substituto ou a do exercicio libre da profesión de avogado ou de procurador dos tribunais. As profesións de avogado e de procurador dos tribunais valoraranse como mérito unicamente se concorren os seguintes requisitos: alta e colexiación como exercente, durante un tempo mínimo de tres anos, no colexio profesional correspondente e acreditación, mediante certificación do secretario xudicial do procedemento, da intervención como defensa letrada en, ao menos, 15 procedementos xudiciais distintos por cada seis meses que se pretenda facer valer, ou como representación procesual en, ao menos, 120 procedementos xudiciais distintos por cada seis meses que se pretenda facer valer. En ningún caso se valorará a prestación por parte do avogado de meros servizos de asesoría, asistencia xurídica ou mediación.

Non se valorará, para os efectos deste número, a ocupación de postos de asesoría ou contido xurídico na Administración pública que non supoñan a real e efectiva intervención ante órganos xurisdiccionais en defensa dalgunha das partes.

e) Actividades docentes: a docencia universitaria nalgunha das disciplinas xurídicas seguintes: Dereito Constitucional, Penal, Civil, Administrativo, Laboral, Mercantil e Procesual; valorarase con 0,20 puntos por cada ano de exercicio, até un máximo de 1 punto. Para que este mérito sexa puntuado exixirase que a docencia se prestase como profesor nalgunha das modalidades previstas no título IX da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. As distintas modalidades docentes recollidas no dito corpo legal terán carácter taxativo. Exclúese a docencia impartida en centros estranxeiros en España conforme os sistemas educativos doutros países. Entenderase por ano docente aquel en que, ao menos, se impartisen 100 horas lectivas de docencia.

f) Dereito propio da comunidade autónoma: o coñecemento do dereito propio da comunidade autónoma, que se deberá valorar sobre a base dos títulos oficiais da autoridade académica correspondente, valorarase até un máximo de 0,90 puntos. Para tales efectos, establécense tres niveis de coñecemento, básico, medio ou superior, cunha valoración, para cada un deles, de 0,30 puntos.

Só se terá en conta a puntuación obtida por este mérito se a praza solicitada corresponde á comunidade autónoma en que rexa ese dereito propio.

g) Linguas cooficiais: o coñecemento da lingua cooficial propia da comunidade autónoma, acreditado mediante un título oficial expedido polo organismo público competente, valorarase até un máximo de 0,90 puntos. Para tales efectos, establécense tres niveis de coñecemento, básico, medio ou superior, cunha valoración de cada un deles de 0,30 puntos.

Só se terá en conta a puntuación obtida por este mérito se a praza solicitada corresponde á comunidade autónoma en que a dita lingua teña carácter cooficial.

2. En igualdade de puntuación, terán preferencia os que teñan maior antigüidade no desempeño de funcións de substitución na carreira fiscal. De persistir o empate, resolverase a favor daquel candidato que obtivese unha mellor puntuación na letra a) do punto 3.º; se persiste o empate, resolverase a favor daquel candidato que obtivese mellor puntuación na letra b), e así sucesivamente co resto dos méritos do punto 3.º até conseguir o desempate.

3. A falta de aptitude ou idoneidade no desempeño das tarefas encomendadas, xustificada e constatada nun informe motivado e debidamente fundamentado, emitido



polo fiscal xefe nos termos do artigo 14, determinará automaticamente a exclusión do proceso, con independencia dos méritos que reúna o aspirante, que non se valorarán.

4. Unha vez recibidas as solicitudes, no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de presentación previsto na convocatoria, a comisión de valoración fará pública, na sede da Fiscalía Xeral do Estado e nas das fiscalías das comunidades autónomas, fiscalías provinciais e fiscalías de área, se for o caso, as listas provisionais, nas cales se conterá unha relación dos aspirantes seleccionados no proceso, a valoración de cada un dos seus méritos e a puntuación total obtida. Igualmente figurará a relación de aspirantes excluídos con indicación da causa de exclusión.

5. Os aspirantes que optasen a prazas de avogados fiscais substitutos de distintas fiscalías quedarán incluídos unicamente na lista daquela fiscalía en que obtivesen mellor posición.

6. A partir do día seguinte ao da publicación das listas provisionais dos candidatos seleccionados e excluídos, iniciárase un prazo de dez días naturais para que se formulen alegacións ante a comisión de valoración.

Os aspirantes seleccionados só poderán formular alegacións referidas estritamente á valoración de méritos que quedasen acreditados, respecto dos cales non se admitirá ningunha documentación complementaria. O referido trámite de alegacións non poderá comportar a invocación nin a acreditación doutros méritos distintos aos da solicitude.

Os aspirantes excluídos poderán formular alegacións á causa que motivou a súa exclusión.

7. Á vista das alegacións formuladas e dando audiencia ao interesado, cando así o solicite, a comisión de valoración resolverá as reclamacións e elaborará a proposta de lista definitiva dos aspirantes seleccionados, de conformidade coa orde de preferencia establecida no presente real decreto e coa puntuación total obtida, ordenada de maior a menor, tendo en conta, pola súa vez, a orde de preferencia manifestada polo interesado e as necesidades do servizo, que elevará ao fiscal xeral do Estado para a súa aprobación. A lista definitiva dos aspirantes seleccionados publicarase na sede da Fiscalía Xeral do Estado e nas das fiscalías das comunidades autónomas, fiscalías provinciais e fiscalías de área, se for o caso.

8. A resolución motivada pola cal se exclúan definitivamente aspirantes do proceso será notificada persoal e individualmente a cada un dos interesados, naquilo que os afecte.

#### Artigo 14. *Exclusión do proceso de selección.*

Serán causas de exclusión do proceso de selección de avogados fiscais substitutos:

a) A falta de aptitude ou idoneidade no desempeño de funcións fiscais, xustificada e constatada nun informe motivado e debidamente fundamentado emitido polo fiscal xefe. Este informe deberá ser revisado e valorado pola Fiscalía Xeral do Estado, quen ditará unha resolución motivada ao respecto.

b) O cesamento como avogado fiscal substituto de conformidade co establecido na letra f) do artigo 27.

c) O cesamento como xuíz substituto, maxistrado suplente ou secretario xudicial substituto por falta de idoneidade ou aptitude.

d) A renuncia do interesado a un chamamento no período de vixencia do nomeamento sen causa xustificada ou a renuncia a dous chamamentos consecutivos, nos termos establecidos no artigo 17.

A causa descrita na letra a) suporá a exclusión do interesado nos dous procesos de selección que se convoquen de maneira inmediatamente posterior á súa produción.

As causas establecidas nas letras b) e c) suporán a exclusión do interesado no proceso de selección regulado neste real decreto nos tres procesos de selección que se convoquen de maneira inmediatamente posterior á súa produción.

A causa establecida na letra d) suporá a exclusión do interesado no proceso de selección que se convoque de maneira inmediatamente posterior á súa produción.

Toda exclusión dun aspirante deberá serlle notificada por escrito e de forma motivada.

## Artigo 15. *Nomeamento.*

1. O fiscal xeral do Estado, logo de audiencia do Consello Fiscal, propondrá ao ministro de Xustiza, mediante exposición motivada, o nomeamento dos avogados fiscais substitutos para o seguinte ano xudicial. Á vista da proposta, o ministro de Xustiza efectuará ou denegará motivadamente os nomeamentos e elaborará unha lista de avogados fiscais substitutos, designados para cada fiscalía provincial. Así mesmo, poderanse elaborar listas para as fiscalías de área en que razóns de volume de cadro de persoal o aconsellen. As listas confeccionaranse segundo a orde de preferencia establecida no presente real decreto e a puntuación alcanzada polos avogados fiscais substitutos, que poderán ser chamados, dentro do ano xudicial, ao desempeño de funcións de apoio ou reforzo do Ministerio Fiscal.

2. Os nomeamentos dos avogados fiscais substitutos publicaranse no «Boletín Oficial del Estado» e comunicaranse ao fiscal xeral do Estado e aos fiscais xefes respectivos. A inserción no «Boletín Oficial del Estado» incluírá indicación expresa dos recursos posibles contra a resolución de nomeamento.

3. Cando circunstancias extraordinarias derivadas de renuncias de avogados fiscais substitutos designados ou aumentos de cadro de persoal o aconsellen, poderanse efectuar nomeamentos de novos avogados fiscais substitutos polo procedemento descrito para o que reste do ano xudicial entre os participantes que presentaron solicitude para a fiscalía de que se trate e que non puideron ser nomeados pola limitación de prazas convocadas, sempre que non mediase informe negativo de idoneidade.

## Artigo 16. *Prórroga do nomeamento.*

1. O fiscal xeral do Estado, logo de audiencia do Consello Fiscal, poderá realizar proposta motivada ao ministro de Xustiza dos avogados fiscais substitutos que poden ser prorrogados en cada fiscalía, por unha soa vez, para o seguinte ano xudicial. O informe de falta de aptitude ou idoneidade emitido por un fiscal xefe, revisado e valorado pola Fiscalía Xeral do Estado, que ditará resolución motivada ao respecto, determinará a imposibilidade de prorrogar o nomeamento ao candidato afectado.

2. Á vista da proposta do fiscal xeral do Estado, o ministro de Xustiza efectuará ou denegará motivadamente a prórroga do nomeamento e elaborará unha lista de avogados fiscais substitutos designados para cada fiscalía provincial ou fiscalías de área en que razóns de volume do cadro de persoal o aconsellen, os cales poderán ser chamados, dentro do ano xudicial, para o desempeño desta función.

3. A resolución de prórroga dos nomeamentos dos avogados fiscais substitutos publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e comunicarse ao fiscal xeral do Estado e aos fiscais xefes respectivos. A inserción no «Boletín Oficial del Estado» incluírá indicación expresa dos recursos posibles contra a resolución de prórroga de nomeamento.

## CAPÍTULO III

### **Acceso e desempeño da función**

## Artigo 17. *Chamamento e notificación.*

1. O chamamento dos avogados fiscais substitutos efectuarase por rigorosa orde de puntuación entre os nomeados para cada fiscalía. O fiscal xefe, antes de proceder ao chamamento conforme as instrucións do fiscal xeral do Estado, someterao á aprobación da Fiscalía Xeral do Estado, que comprobará que concorren os requisitos que establece o artigo 2 e, en particular, que existe crédito orzamentario suficiente para proceder ao chamamento.

2. A notificación a quen fose chamado é competencia, en todo caso, do fiscal xefe da fiscalía en que se vaian prestar os servizos.

3. Os avogados fiscais substitutos poderán rexeitar o chamamento por causas debidamente xustificadas, dentro do prazo posesorio, caso en que pasarán a ocupar o último lugar da lista de seleccionados. Porén, unha vez producida a segunda renuncia consecutiva, entenderase que renuncian a futuros chamamentos durante a vixencia do nomeamento e/ou, de ser o caso, da prórroga, e non poderán participar no proceso de selección seguinte que se convoque.

4. Entenderase que aqueles que non xustifiquen o rexeitamento de forma fidedigna e acreditada renuncian a futuros chamamentos durante a vixencia do nomeamento e/ou, de ser o caso, da prórroga, e non poderán participar no proceso de selección seguinte que se convoque.

#### Artigo 18. *Toma de posesión e xuramento ou promesa.*

Os avogados fiscais substitutos chamados a realizar tarefas de apoio ou reforzo con dispoñibilidade orzamentaria tomarán posesión, dentro dos tres días seguintes ao da recepción da notificación, ante o fiscal xefe correspondente. No mesmo acto prestarán xuramento ou promesa de cumprir e facer cumprir a Constitución e as leis e desempeñar fielmente as funcións fiscais, se non o fixesen con anterioridade, circunstancia que acreditarán documentalmente.

#### Artigo 19. *Inspección e avaliación.*

1. Os fiscais xefes respectivos exercerán respecto dos avogados fiscais substitutos as competencias de inspección previstas no Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, coidando de que a súa actuación se realice coa debida atención e dilixencia no cumprimento dos deberes do cargo e adoptando en cada caso as medidas que resulten oportunas.

2. Os expresados fiscais xefes remitirán á Fiscalía Xeral do Estado, dentro dos trinta primeiros días do ano natural, un informe de aptitude preciso e detallado sobre a actividade desenvolvida polos avogados fiscais substitutos.

3. O avogado fiscal substituto que, no exercicio das súas funcións, reciba un informe de falta de aptitude ou idoneidade, revisado e valorado pola Fiscalía Xeral do Estado, quen ditará unha resolución motivada ao respecto, será excluído do proceso de selección de acordo co disposto no artigo 14, letra a). O fiscal xefe remitirá á Fiscalía Xeral do Estado o citado informe quen, unha vez valorada a súa precisión e motivación, o notificará ao avogado fiscal substituto co fin de que o interesado poida exercer o seu dereito ao acceso á totalidade do seu expediente, e concederlle un prazo de quince días para formular alegacións e presentar os documentos e informacións que considere pertinentes ante a Fiscalía Xeral do Estado. Concluído o prazo, a Fiscalía Xeral do Estado ditará resolución, que será motivada, e decidirá todas as cuestións presentadas polos interesados e aquelas outras derivadas do procedemento.

4. Ademais, se ao longo do ano xudicial o desempeño das súas funcións por parte do avogado fiscal substituto merece un informe de falta de aptitude ou idoneidade, o fiscal xefe porao en coñecemento da Fiscalía Xeral do Estado mediante un informe fundamentado e motivado, quen poderá propor o cesamento do nomeamento ao Ministerio de Xustiza en aplicación do procedemento disposto no artigo 27 e cos efectos da letra b) artigo 14.

## CAPÍTULO IV

### **Réxime de incompatibilidades, dereitos e deberes dos avogados fiscais substitutos**

#### *Artigo 20. Incompatibilidades e prohibicións.*

1. Os avogados fiscais substitutos, durante o exercicio efectivo das súas funcións, estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades e prohibicións reguladas no capítulo VI do título III do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

2. Os que no momento de seren chamados a prestar servizos nunha fiscalía estean exercendo emprego, cargo ou profesión incompatible, deberán optar, no acto de toma de posesión, por un ou outro cargo e cesar na actividade incompatible.

Os avogados fiscais substitutos que desempeñen algunha das actividades descritas no artigo 57 do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal susceptibles de seren compatibles deberán solicitar a compatibilidade no momento de ser publicada a lista para prestar servizos na fiscalía, achegando a súa documentación xustificativa, en aplicación da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

3. Os avogados fiscais substitutos que emitisen declaración formal de ter desempeñado actividade, cargo ou profesión incompatible conforme o disposto na letra c) do artigo 10, prestarán especial observancia ao deber de abstención, comunicando con carácter inmediato ao fiscal xefe respectivo toda aquela circunstancia que poida ser unha causa de abstención de conformidade coa normativa aplicable. O seu incumprimento poderá ser causa de cesamento, conforme o establecido na letra f) do artigo 27.

4. Os avogados fiscais substitutos, durante o exercicio das súas funcións, estarán suxeitos ao réxime de prohibicións previsto nos artigos 58 e 59 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, que regula o estatuto do Ministerio Fiscal.

#### *Artigo 21. Deber de desempeño fiel das funcións.*

Os avogados fiscais substitutos terán o primordial deber de cumprimento fiel das tarefas que lles encomenden, con prontitude e eficacia, conforme os principios de unidade e dependencia xerárquica e con suxeición, en todo caso, aos de legalidade e imparcialidade.

#### *Artigo 22. Deber de segredo dos avogados fiscais substitutos.*

Os avogados fiscais substitutos gardarán o debido segredo dos asuntos reservados de que coñezan por razón de cargo.

#### *Artigo 23. Réxime xeral de responsabilidades.*

Os avogados fiscais substitutos terán as mesmas responsabilidades penais e civís que os membros do Ministerio Fiscal establecidos no Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

Os avogados fiscais substitutos estarán suxeitos, en todo o que sexa adecuado á natureza da súa condición, ás mesmas responsabilidades disciplinarias que os membros do Ministerio Fiscal, que serán exixidas a través do procedemento previsto no artigo 27.

A sanción de advertencia poderá ser imposta directamente polo fiscal xefe correspondente.

Artigo 24. *Réxime de Seguridade Social.*

Unha vez efectuada a toma de posesión, procederase á súa inmediata comunicación ao Ministerio de Xustiza, que procederá a dar de alta o avogado fiscal substituto no réxime xeral da Seguridade Social para os efectos da súa inclusión na nómina correspondente.

Artigo 25. *Permisos e licenzas.*

Os avogados fiscais substitutos poderán gozar dos seguintes permisos e licenzas, debidamente adaptados ás particularidades da natureza temporal e transitoria da súa relación de servizos:

1. Os avogados fiscais substitutos terán dereito a gozar, salvo que as necesidades do servizo o impidan, durante cada ano natural, dunhas vacacións retribuídas de vinte e dous días hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano for menor.

2. Os avogados fiscais substitutos terán dereito a licenzas, por razón de matrimonio, de quince días de duración.

3. As avogadas fiscais substitutas terán dereito a gozar dunha licenza en caso de parto, adopción e acollemento tanto preadoptivo como permanente, cuxa duración e condicións se regularán pola lexislación xeral nesta materia.

4. Os avogados fiscais substitutos terán dereito a gozar, por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo, dun permiso de paternidade de quince días, a partir da data do nacemento, da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución pola cal se constituía a adopción.

5. Por lactación dun fillo menor de doce meses, as avogadas fiscais substitutas terán dereito a unha redución de xornada.

6. Os avogados fiscais substitutos, por nacemento de fillos prematuros ou que deban permanecer hospitalizados por calquera outra causa a continuación do parto, terán dereito a reducir a xornada até un máximo de dúas horas.

7. As avogadas fiscais substitutas embarazadas terán dereito á concesión de permiso para a realización de exames prenatais e de técnicas de preparación ao parto.

8. Os avogados fiscais substitutos, por falecemento, accidente ou enfermidade grave do cónxuxe, de persoa a que estivesen unidos por análoga relación de afectividade ou dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, terán dereito a unha licenza de tres días, cando o suceso se produza na mesma localidade, e cinco días hábiles, se se produce en localidade distinta.

Estes permisos quedarán reducidos a dous e catro días hábiles, respectivamente, cando o falecemento e as outras circunstancias sinaladas afecten familiares en segundo grao de afinidade ou consanguinidade.

9. O avogado fiscal substituto que por acharse enfermo non poida asistir á fiscalía, comunicarao ao fiscal xefe de que dependa inmediatamente e solicitará a licenza acreditando a enfermidade e a previsión médica sobre o tempo preciso para o seu restablecemento.

10. Os avogados fiscais substitutos poderán participar en cursos ou programas formativos, relacionados coas súas funcións, impartidos polo Centro de Estudos Xurídicos, na súa modalidade a distancia ou en liña.

11. O réxime retributivo por licenza será o previsto para os membros da carreira fiscal de conformidade co Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal e coa Lei orgánica do poder xudicial.

Artigo 26. *Afiliación en asociacións para a defensa dos seus intereses.*

Os avogados fiscais substitutos poderán constituír e formar parte de asociacións propias para a defensa dos seus intereses profesionais en todos os aspectos e de forma análoga ao réxime previsto no artigo 54 do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal para as asociacións profesionais de fiscais.

## CAPÍTULO V

**Cesamento**Artigo 27. *Motivos do cesamento.*

Aqueles que ocupen prazas de avogados fiscais substitutos cesarán por algunha das seguintes causas:

- a) Por transcurso do prazo para o cal foron nomeados.
- b) Por desaparición das necesidades que motivaron o seu nomeamento.
- c) Por renuncia ao cargo aceptada polo fiscal xefe respectivo.
- d) Por pena principal ou accesoria de inhabilitación para cargos públicos.
- e) Por resolución motivada do ministro de Xustiza que declare a concorrencia dalgunha das causas de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición establecidas no Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, por proposta do fiscal xeral do Estado, logo dunha sumaria información con audiencia do interesado e do Consello Fiscal. A inserción no «Boletín Oficial del Estado» incluírá indicación expresa dos recursos que se poidan interpor contra a resolución.
- f) Por resolución motivada do ministro de Xustiza cando se advirta neles falta de aptitude ou idoneidade, ben por deixar de atender diligentemente os deberes do cargo ou polo incumprimento consciente das funcións propias do cargo, coas mesmas garantías en canto a procedemento establecidas na letra anterior.
- g) Polo cumprimento da idade de xubilación, de conformidade co disposto no artigo 201.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

## CAPÍTULO VI

**Fiscais substitutos no Tribunal Supremo**Artigo 28. *Nomeamento e cesamento.*

1. O ministro de Xustiza poderá, por proposta razoada do fiscal xeral do Estado e en atención ás necesidades do servizo, nomear fiscais substitutos na Fiscalía do Tribunal Supremo para cada ano xudicial, sen que o seu número poida exceder o 10 % do cadro de persoal da dita fiscalía.

2. Os nomeamentos recaerán a favor daqueles que, téndoo solicitado, reúnan os requisitos previstos no artigo 10 do presente real decreto e sexan seleccionados en función dos maiores méritos profesionais e académicos que acrediten os interesados que, ao menos, contarán con quince anos de exercicio profesional e cesarán por iguais causas que os avogados fiscais substitutos.

3. Excepcionalmente, en casos de urxencia, o fiscal xeral do Estado poderá propor motivadamente ao ministro de Xustiza e este acordar o nomeamento sen convocatoria previa, dentro do límite contido no número 1 deste artigo.

Artigo 29. *Réxime de actuación.*

Os fiscais substitutos da Fiscalía do Tribunal Supremo actuarán, de forma continua ou discontinua segundo as necesidades do servizo, conforme as directrices e a repartición de traballo que estableza o fiscal de sala da sección a que fosen adscritos.



## TÍTULO IV

**Fiscais de sala eméritos do Tribunal Supremo**

## CAPÍTULO I

**Disposicións xerais**

Artigo 30. *Fiscais de sala eméritos do Tribunal Supremo.*

Os fiscais de sala do Tribunal Supremo, unha vez xubilados e por proposta do fiscal xeral do Estado, oído o Consello Fiscal, serán designados anualmente polo Goberno fiscais de sala eméritos no Tribunal Supremo, até alcanzar a idade de 75 anos, cando así o soliciten, sempre que reúnan os requisitos exixidos no artigo 200 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, para os maxistrados eméritos no Tribunal Supremo e de acordo coas necesidades de reforzo da Fiscalía do Tribunal Supremo.

## CAPÍTULO II

**Nomeamento, toma de posesión e chamamento dos fiscais de sala eméritos do Tribunal Supremo**

Artigo 31. *Nomeamento.*

1. O procedemento iníciarase por instancia do fiscal interesado mediante escrito dirixido ao fiscal xeral do Estado que presentará na fiscalía do Tribunal Supremo.
2. Recibida a solicitude xunto coa documentación, a fiscalía do Tribunal Supremo efectuará a oportuna proposta de nomeamento de fiscais de sala eméritos do Tribunal Supremo, que deba ser e expresar as circunstancias profesionais dos propostos. A proposta indicará, ademais, as necesidades de reforzo ou apoio que se precisan.
3. O fiscal xeral do Estado, oído o Consello Fiscal, remitirá a proposta de nomeamento e, se for o caso, as alegacións e a documentación presentadas polos interesados, ao Ministerio de Xustiza, que ditará resolución cunha antelación de, ao menos, un mes á data do cumprimento da idade de xubilación forzosa.
4. Os fiscais de sala eméritos do Tribunal Supremo serán nomeados por real decreto acordado en Consello de Ministros.

Artigo 32. *Toma de posesión e chamamento dos fiscais de sala eméritos do Tribunal Supremo.*

1. Os fiscais de sala eméritos do Tribunal Supremo tomarán posesión ante o fiscal xeral do Estado unha vez feito o nomeamento polo Goberno.
2. Os fiscais de sala eméritos do Tribunal Supremo desenvolverán as súas funcións de forma continuada desde a data do seu nomeamento, de acordo coas necesidades de reforzo ou apoio da Fiscalía do Tribunal Supremo.

Disposición adicional primeira. *Réxime retributivo das substitucións.*

O Goberno regulará mediante real decreto o réxime retributivo das retribucións previstas na disposición transitoria terceira da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal.

Disposición adicional segunda. *Instrucións xerais do fiscal xeral do Estado.*

O fiscal xeral do Estado, sen prexuízo do disposto neste real decreto e de conformidade co disposto no número primeiro da disposición adicional cuarta da Lei 50/1981, do 30 de decembro, poderá ditar instrucións de carácter xeral en relación coa organización e

xestión das substitucións, cos criterios de actuación das fiscalías, así como co contido das propostas de adopción de medidas de apoio ou reforzo.

Disposición transitoria única. *Prórroga do nomeamento dos avogados fiscais substitutos.*

Prorróganse os nomeamentos dos avogados fiscais substitutos vixentes na data de entrada en vigor do presente real decreto até que se proceda ao nomeamento de avogados fiscais substitutos, de conformidade cos criterios e procedemento de selección contidos no presente real decreto e, en todo caso, polo prazo máximo dun ano.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa singular.*

Queda derogado o Real decreto 326/2002, do 5 de abril, de réxime de nomeamento de membros substitutos do Ministerio Fiscal.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.5.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre Administración de xustiza.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Facúltase o ministro de Xustiza para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Normativa de aplicación supletoria.*

Será de aplicación, no non previsto neste real decreto, con carácter supletorio e no que resulte procedente, o disposto na normativa reguladora do réxime de substitucións da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de xullo de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Xustiza,  
ALBERTO RUIZ-GALLARDÓN JIMÉNEZ